

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA

I.E.S. Nº1 DE RIBEIRA

CURSO 2020-21

PROFESORES/AS:

Eva María Outeda Arrivas

Emma Vedo Feás

Javier Otero Martínez

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	5
1.1 Equipamento e servizos do centro.....	5
1.2 Relación de profesorado co centro.....	6
1.3 Reparto de grupos.....	6
1.4 Material do departamento.....	7
1.5 Libros de texto.....	7
2. TECNOLOXÍAS 2º ESO.....	7
2.1 Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias claves.....	7
2.2 Obxectivos para o curso.....	12
2.3 Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia.....	13
2.4 Materiais e recursos didácticos.....	19
2.5 Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	19
2.6 Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	21
2.7 Avaliación inicial.....	26
3. TECNOLOXÍAS 3º ESO.....	26
3.1 Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias claves.....	26
3.2 Obxectivos para o curso.....	30
3.3 Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia.....	30
3.4 Materiais e recursos didácticos.....	35
3.5 Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	35
3.6 Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	37
3.7 Avaliación inicial.....	44
4. TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN, 4º ESO.....	44
4.1 Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias claves.....	44
4.2 Obxectivos para o curso.....	51
4.3 Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia.....	51
4.4 Materiais e recursos didácticos.....	56
4.5 Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	56
4.6 Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	57
4.7 Avaliación inicial.....	62
5. TECNOLOXÍA, 4º ESO.....	62
5.1 Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias claves.....	62
5.2 Obxectivos para o curso.....	68
5.3 Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia.....	68

5.4	Materiais e recursos didácticos.....	74
5.5	Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	74
5.6	Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	75
5.7	Avaliación inicial.....	80
6.	TECNOLOXÍA INDUSTRIAL I, 1º BAC.....	80
6.1	Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias claves.....	80
6.2	Obxectivos para o curso.....	85
6.3	Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia.....	85
6.4	Materiais e recursos didácticos.....	91
6.5	Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	91
6.6	Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	92
6.7	Avaliación inicial.....	134
7.	TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN, 1º BAC.....	134
7.1	Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias claves.....	134
7.2	Obxectivos para o curso.....	134
7.3	Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia.....	139
7.4	Materiais e recursos didácticos.....	146
7.5	Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	146
7.6	Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	147
7.7	Avaliación inicial.....	154
8.	TECNOLOXÍA INDUSTRIAL I, 2º BAC.....	154
8.1	Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias claves.....	154
8.2	Obxectivos para o curso.....	159
8.3	Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia.....	159
8.4	Materiais e recursos didácticos.....	164
8.5	Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	164
8.6	Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	165
8.7	Avaliación inicial.....	170
9.	TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN, 2º BAC.....	170
9.1	Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias claves.....	170
9.2	Obxectivos para o curso.....	174
9.3	Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia.....	174
9.4	Materiais e recursos didácticos.....	178
9.5	Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	178

9.6 Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	179
9.7 Avaliación inicial.....	183
10. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.....	183
11. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO DE RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES.....	184
12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	185
13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....	185
14 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	186
15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN EN RELACIÓN COS RESULTDOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.....	186
16. ANEXO 1: PLAN DE RECUPERACIÓN DE CONTIDOS NON DESENVOLTOS NO CURSO ANTERIOR.....	187
17. ANEXO 2: TRATAMENTO DA SEMIPRESENCIALIDADE NO BACHARELATO.....	187
18. ANEXO 3: PLAN DE CONTINXENCIA NO CASO DE CONFINAMENTO.....	187

1. Introducción e contextualización

O I.E.S. Nº1 está situado na localidade de Ribeira, na provincia da Coruña. A situación xeográfica do municipio favorece algúns condicionantes, como é o feito de que a contorna achega gran variedade de recursos sanitarios, culturais, actividades deportivas e de lecer, servizos sociais, etc. Unha boa parte da poboación exerce a súa actividade arredor da pesca, industrias e actividades afíns e no pequeno comercio.

No Centro impártense os seguintes ensinamentos: E.S.O, Bacharelato, E.S.A, Bacharelato Adultos e Alfabetización de Adultos.

A estrutura organizativa do Centro está constituída fundamentalmente por:

1. Órganos de Goberno

- a) Colexiados: Consello Escolar e Claustro de Profesores.
- b) Unipersoais: Directora, Xefa de Estudos de diúrno/Xefe de Estudos de nocturno, Vicedirectora e Secretario.

2. Outros Órganos:

- a) Tutores
- b) Departamentos
- c) Departamento de Orientación
- d) Xuntas de Avaliación
- e) Xunta de delegados de curso

Características da comunidade educativa

a) Profesorado

O Claustro de profesores está composto por unha maioría con destino definitivo no instituto, sendo a estabilidade laboral do profesorado unha característica que define o Centro.

b) Familias

Neste centro as familias son fundamentalmente de clase traballadora, das que unha alta porcentaxe tanto os pais coma as nais traballan.

c) Alumnado

No que respecta aos alumnos con problemas de adaptación e aprendizaxe, aparecen tres grupos claramente diferenciados:

1. Alumnos con leves problemas de aprendizaxe.
2. Alumnos con serias dificultades de aprendizaxe. Son alumnos con diferentes problemas e baixo nivel de competencia curricular que esixen un tratamento específico na adquisición das habilidades instrumentais básicas.
3. Alumnos con problemas de adaptación social e escolar.

1.1 Equipamento e servizos do centro

O IES nº 1 de Ribeira dispón dos seguintes recursos espaciais:

- Biblioteca, dotada de libros de consulta e lectura, con capacidade para unhas 70 persoas.

Dispón dun Plan de Biblioteca con servizo de préstamo durante o horario lectivo, con subscripción a revistas científicas e de lecer, prensa diaria, arquivo de películas e documentais, dicionarios... Consta, ademais, de ordenadores con conexión a Internet, para o seu emprego como ferramenta didáctica e PDAs para a xestión docente. Está dividida en seccións: de traballo, de lectura, de andeis e de ordenadores.

- Distintas aulas dotadas con material específico como canóns, DVD, vídeo, pantallas, taboleiros, televisión, radiocasete, ordenador, internet...etc.

- Dúas aulas de informática equipada con ordenadores con acceso a Internet.

- Aula de tecnoloxía equipada con ordenadores con acceso a Internet

- Aula de música.

- Laboratorios de Física, Química e Ciencias Naturais.

- Aula de Debuxo Técnico e aula de Educación Plástica.
 - Departamento de orientación: unha Orientadora e dous PT encárganse de dar apoio no proceso de ensino-aprendizaxe, centrado na atención á diversidade, asesoramento e apoio ao alumno con necesidades educativas especiais, orientación académica e profesional...
 - Salón de actos cun aforo dunhas 80 persoas e dotado de canón, pantalla, vídeo, sistema de megafonía e equipo de música.
 - Pavillón polideportivo.
 - Servizo de reprografía e informática.
 - Servizo de cafetería e máquina automática de café na sala do profesorado.
 - O centro conta con accesibilidade de alumnado con minusvalías...etc.
- Dúas pistas polideportivas, patio, xardín e porche cuberto.

1.2 Relación do profesorado do departamento

Os profesores do departamento de Tecnoloxía son tres: Emma Vedo Feás, Eva María Outeda Arribas e Javier Otero Martínez.

1.3 Reparto de grupos

A continuación móstrase un resumo das materias das que se fai cargo este departamento, así como das horas e o número de grupos de cada unha.

Materia e curso	Nº de grupos	Horas grupo	Nº total de horas
Tecnoloxías, 2º ESO	5	3	15
Tecnoloxías, 3º ESO	3	2	6
Tecnoloxía, 4º ESO	1	3	3
TIC, 4º ESO	3	3	9
Tecnoloxía Industrial I, 1º BAC	1	2	4
Reforzo Tecnoloxía Industrial I	1	1	1
TIC, 1º BAC	3	3	9
Tecnoloxía Industrial II, 2º BAC	1	3	3
TIC, 2º BAC	2	3	6
TIC, 1º BAC Adultos	1	2	2
TIC, 2º BAC Adultos	1	3	3
			61 horas

Emma Vedo Feás farase cargo dos grupos de Tecnoloxía de 4º ESO, Tecnoloxía Industrial I de 1ºBAC co seu reforzo e de Tecnoloxía Industrial II de 2ºBAC ademais de dous grupos 3º da ESO e un grupo de TIC de 1º de BAC. Sumando un total de 16 horas.

Eva María Outeda Ribas farase cargo dun grupo de TIC de 2º de BAC e dos cinco grupos de 2º da ESO. Sumando un total de 17 horas.

Javier Otero Martínez farase cargo dun grupo de Tecnoloxías de 3º ESO, de dous grupos de TIC de 1º de BAC e dun grupo de TIC de 2º BAC e dos grupos de TIC de 4º da ESO. Sumando un total de 17 horas.

Dos grupos de adultos farase cargo a profesora do departamento de matemáticas, Raquel Martín Romalde.

1.4 Material do departamento

A aula-taller, de 110 m², é o lugar onde se garda todo o material deste departamento. Presenta dúas áreas diferenciadas: a zona de taller, con 8 bancos de traballo e panel de ferramentas para o traballo de distintos materiais, e a zona de aula, na que se dispón de ordenadores con conexión a Internet e cunha ampla variedade de programas de simulación empregados no ensino de tecnoloxía. Ao equipo informático mencionado hai que engadir un equipo audiovisual formado por un proxector con audio.

Ademais, dispónse dunha zona de almacén, formada por varios armarios, nos que se gardan diversas ferramentas e equipos de operadores de distintas tecnoloxías: mecánicos, robóticos, pneumáticos, eléctricos e electrónicos. Tamén hai unha pequena biblioteca de aula con libros de texto de distintos niveis e de diversas editoriais, para consulta do alumnado.

1.5 Libros de texto

Para a materia de Tecnoloxías de 2º da ESO emprégase os recursos da plataforma Edixgal, para Tecnoloxías de 3º de ESO o libro da Editorial Oxford e/ou material propio. Para os grupos de Tecnoloxía de 4º de ESO, Tecnoloxía Industrial de 1º de BAC e Tecnoloxía Industrial II de 2º de BAC non se emprégase libro de texto e usase material propio. Para os grupos de TIC de 4º da ESO e os de bacharelato de TIC, o libro correspondente da editorial Donostiarra ou material propio proporcionado a través da aula virtual.

2. TECNOLOXÍA, 2º ESO

2.1 Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias básicas

O Decreto 86/2015 establece as seguintes competencias clave do currículo:

- Comunicación lingüística (CCL)
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
- Competencia dixital (CD)
- Aprender a aprender (CAA)
- Competencias sociais e cívicas (CSC)
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- Conciencia e expresións culturais (CCEC)

A contribución da materia ao desenvolvemento de cada unha das competencias clave pode entenderse a través da relación entre estas e os estándares de aprendizaxe avaliábeis, tal e como se recolle na táboa da seguinte páxina:

Tecnoloxía. 1º ciclo de ESO, 2º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave
Bloque 1. Proceso de resolución de problemas tecnolóxicos				
a b f g h l	B1.1. Fases do proxecto tecnolóxico. A tecnoloxía como resposta ás necesidades humanas. B1.2. Deseño de prototipos ou maquetas para resolver problemas técnicos.	B1.1. Identificar e describir as etapas necesarias para a creación dun produto tecnolóxico desde o seu deseño ata a súa comercialización.	TEB1.1.1. Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	CCL CMCCT CD CAA CSC CSIEE CCEC
a b cc d e f g h m o	B1.3. Planificación e construción de prototipos ou maquetas mediante o uso responsable de materiais, ferramentas e técnicas axeitadas. B1.4. Traballo en equipo. Distribución de tarefas e responsabilidades. Seguridade no contorno de traballo. B1.5. Documentación técnica. Normalización.	B1.2. Realizar as operacións técnicas previstas nun plan de traballo, utilizando os recursos materiais e organizativos con criterios de economía, seguridade e respecto polo ambiente.	TEB1.2.1. Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción do prototipo. TEB 1.2.2. Constrúe un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos. TEB 1.2.3. Traballa en equipo de xeito responsable e respectuoso.	CCL CMCCT CD CAA CMCCT CAA CSIEE CAA CSC CSIEE
Bloque 2. Expresión e comunicación técnica				
b f n	B2.1. Bosquexos, esbozos, vistas e perspectivas. Cotación e escalas. Normalización.	B2.1. Representar obxectos mediante vistas e perspectivas aplicando criterios de normalización e escalas.	TEB2.1.1. Representa mediante vistas e perspectivas obxectos e sistemas técnicos, mediante esbozos e empregando criterios normalizados de cotación e escala.	CMCCT CAA
b e f n	B2.2. Elementos de información de produtos tecnolóxicos: esbozos e bosquexos.	B2.2. Interpretar esbozos e bosquexos sinxelos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.	TEB2.2.1. Interpreta esbozos e bosquexos sinxelos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.	CMCCT CAA

Tecnoloxía. 1º ciclo de ESO, 2º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave
b e f hh o	B2.3. Documentación técnica asociada a un produto tecnolóxico. Aplicacións informáticas de deseño asistido por computador e de simulación.	B2.3. Explicar mediante documentación técnica as fases dun produto desde o seu deseño ata a súa comercialización.	TEB2.3.1. Produce os documentos relacionados cun prototipo sinxelo empregando software específico de apoio.	CCL CMCCT CD CAA
Bloque 3. Materiais de uso técnico				
b f h o	B3.1. Materiais utilizados na construción de obxectos tecnolóxicos. B3.2. Propiedades dos materiais técnicos.	B3.1. Analizar as propiedades dos materiais utilizados na construción de obxectos tecnolóxicos.	TEB3.1.1. Describe as características propias dos materiais de uso técnico. TEB3.1.2. Identifica tipos de materiais con que están fabricados obxectos técnicos cotiás.	CCL CMCCT CMCCT CAA
b e f gg mm	B3.3. Técnicas de traballo cos materiais para a fabricación dos obxectos técnicos. Ferramentas do taller. B3.4. Normas de seguridade e saúde no taller.	B3.2. Manipular e mecanizar materiais convencionais asociando a documentación técnica ao proceso de produción dun obxecto, respectando as súas características e empregando técnicas e ferramentas adecuadas, con especial atención ás normas de seguridade e saúde.	TEB3.2.1. Identifica e manipula con seguridade as ferramentas do taller en operacións básicas de conformación dos materiais de uso técnico. TEB3.2.2. Elabora un plan de traballo no taller con especial atención ás normas de seguridade e saúde.	CMCCT CAA CSC CMCCT CAA CSC CSIEE
Bloque 4. Máquinas e sistemas: estruturas, mecanismos e circuítos eléctricos				
b f h o	B4.1. Estruturas: elementos, tipos e funcións. B4.2. Esforzos básicos aos que están sometidas as estruturas.	B4.1. Analizar e describir os esforzos aos que están sometidas as estruturas, experimentando en prototipos.	TEB4.1.1. Describe audiovisual ou dixital, as características propias que configuran os tipos de estruturas, apoiándose en información escrita. TEB4.1.2. Identifica os esforzos característicos e a súa transmisión nos	CCL CMCCT CD CMCCT CAA

Tecnoloxía. 1º ciclo de ESO, 2º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave
			elementos que configuran a estrutura.	
b f g h o	B4.3. Mecanismos de transmisión e transformación do movemento en máquinas e sistemas. B4.4. Relación de transmisión. B4.5. Simuladores de sistemas mecánicos.	B4.2. Identificar operadores mecánicos de transformación e transmisión de movementos en máquinas e sistemas e empregarlos para deseñar e montar sistemas mecánicos.	TEB4.2.1. Describe, mediante información escrita e gráfica, como transforman e transmiten o movemento distintos mecanismos.	CCL CMCCT
			TEB4.2.2. Calcula a relación de transmisión de elementos mecánicos como as poleas e as engrenaxes.	CMCCT
			TEB4.2.3. Explica a función dos elementos que configuran unha máquina ou un sistema desde o punto de vista estrutural e mecánico.	CCL CMCCT
			TEB4.2.4. Simula mediante software específico e mediante simboloxía normalizada sistemas mecánicos.	CMCCT CD
			TEB4.2.5. Deseña e monta sistemas mecánicos que cumpran unha función determinada.	CMCCT CAA CSIEE
b e f g	B4.6. Circuitos eléctricos: compoñentes básicos, funcionamento e simboloxía.	B4.3. Deseñar e simular circuitos eléctricos con simboloxía adecuada e montalos con operadores elementais.	TEB4.3.1. Deseña e monta circuitos eléctricos básicos empregando lámpadas, zumbadores, motores, baterías e conectores.	CMCCT CAA CSIEE
			TEB4.3.2. Deseña circuitos eléctricos básicos, utilizando software	CMCCT CD

Tecnoloxía. 1º ciclo de ESO, 2º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave
			específico e simboloxía adecuada, e experimenta cos elementos que o configuran.	CAA CSIEE
Bloque 5. Tecnoloxías da información e da comunicación				
f	B5.1. Elementos dun equipamento informático.	B5.1. Distinguir as partes operativas dun equipamento informático.	TEB5.1.1. Identifica as partes dun computador.	CMCCT CD
b e f g h o	B5.2. Deseño, elaboración e comunicación de proxectos técnicos coas tecnoloxías da información e da comunicación.	B5.2. Utilizar un equipamento informático para elaborar e comunicar proxectos técnicos sinxelos.	TEB5.2.1. Manexa programas e software básicos.	CMCCT CD
			TEB5.2.2. Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos.	CMCCT CD
			TEB5.2.3. Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos sinxelos con equipamentos informáticos.	CCL CMCCT CD CAA CSIEE
b e f g n	B5.3. Programación de aplicacións informáticas. Estrutura e elementos básicos dun programa informático.	B5.3. Deseñar e elaborar unha aplicación mediante un contorno de programación gráfico, utilizando o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	TEB5.3.1. Deseña e elabora aplicacións informáticas sinxelas mediante un contorno de programación gráfico.	CMCCT CD CAA CSIEE CCEC

2.2 Obxectivos para o curso

A impartición desta materia contribuirá principalmente a acadar os seguintes obxectivos da etapa:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

2.3 Concreción para cada estándar de aprendizaxe de: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación

Amósase na seguinte táboa as concrecións requiridas para cada estándar de aprendizaxe avaliable.

BLOQUE	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	TEMPORIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
1	TEB1.1.1. Diseña un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	Todas as avaliacións.	Diseña un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo con pequenos erros na representación.	Diseño do prototipo realizado nun sistema de representación. PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Portfolio.
	TEB1.2.1. Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción do prototipo.	Todas as avaliacións.	Cubre os documentos básicos necesarios para a planificación da construción dun prototipo sinxelo.	Realización da planificación do proxecto con todos os documentos que a compoñen. PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Portfolio.
	TEB 1.2.2. Constrúe un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	Todas as avaliacións.	Constrúe un prototipo que case dá solución ao problema técnico principal plantexado.	Realización dun prototipo. PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Prototipo.
	TEB 1.2.3. Traballa en equipo de xeito responsable e respectuoso.	Todas as avaliacións.	Mantén habitualmente unha actitude de respecto e colaboración cos seus compañeiros.	Observación na aula. PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rúbrica.
2	TEB2.1.1. Representa mediante vistas e perspectivas obxectos e sistemas técnicos, mediante esbozos e empregando criterios normalizados de cotación e escala.	Todas as avaliacións.	Representa mediante esbozos en perspectiva caballera ou isométrica obxectos ou sistemas técnicos nos que se aprecie axeitadamente o obxecto ou sistema a fabricar.	Resolución de exercicios e probas escritas. PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.
	TEB2.2.1. Interpreta esbozos e bosquexos sinxelos como	Todas as avaliacións.	Interpreta esbozos e bosquexos de produtos tecnolóxicos sinxelos.	Realización de exercicios e probas escritas.

BLOQUE	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	TEMPORIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
	elementos de información de produtos tecnolóxicos.			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Portfolio.
	TEB2.3.1. Produce os documentos relacionados cun prototipo sinxelo empregando software específico de apoio.	Todas as avaliacións.	Realiza un orzamento sinxelo nunha folla de cálculo e elabora os documentos básicos de presentación dun prototipo cun procesador de texto.	Realización de exercicios no ordenador da aula. PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Portfolio.
3	TEB3.1.1. Describe as características propias dos materiais de uso técnico.	Características xerais: 1ª Avaliación. A madeira: 2ª Avaliación. Os metais: 3ª Avaliación.	Describe as propiedades máis importantes dos materiais.	Realización de exercicios e probas escritas. PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Exposición dun tema.
	TEB3.1.2. Identifica tipos de materiais con que están fabricados obxectos técnicos cotiás.	Todas as avaliacións.	Identifica os principais materiais cos que están fabricados obxectos técnicos cotiás.	Realización de exercicios. Realización de probas escritas. PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Portfolio.
	TEB3.2.1. Identifica e manipula con seguridade as ferramentas do taller en operacións básicas de conformación dos materiais de uso técnico.	Todas as avaliacións.	Identifica e manipula con seguridade as ferramentas básicas de traballo no taller.	Observación no taller. PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rúbrica.
	TEB3.2.2. Elabora un plan de traballo no taller con especial atención ás normas de seguridade e saúde.	Todas as avaliacións.	Elabora un plan básico de traballo no taller tendo en conta as normas fundamentais de seguridade e saúde.	Realización do plan no taller. PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rúbrica.

BLOQUE	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	TEMPORIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
4	TEB4.1.1. Describe audiovisual ou dixital, as características propias que configuran os tipos de estruturas, apoiándose en información escrita.	1ª Avaliación.	Describe as principais características dos diferentes tipos de estruturas.	Realización de exercicios e probas escritas. PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Exposición dun tema.
	TEB4.1.2. Identifica os esforzos característicos e a súa transmisión nos elementos que configuran a estrutura.	1ª Avaliación.	Identifica os esforzos característicos nunha estrutura sinxela.	Realización de exercicios e probas escritas. PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Exposición dun tema.
	TEB4.2.1. Describe, mediante información escrita e gráfica, como transforman e transmiten o movemento distintos mecanismos.	3ª Avaliación.	Describe como transmiten o movemento os principais mecanismos de transmisión e de transformación de movemento.	Realización de exercicios e probas escritas. PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Exposición dun tema.
	TEB4.2.2. Calcula a relación de transmisión de elementos mecánicos como as poleas e as engrenaxes.	3ª Avaliación.	Calcula relacións de transmisións simples en poleas e engrenaxes.	Realización de exercicios. Realización de probas escritas. PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.
	TEB4.2.3. Explica a función dos elementos que configuran unha máquina ou un sistema desde o punto de vista estrutural e mecánico.	3ª Avaliación.	Explica a función dos elementos que compoñen unha máquina ou sistema mecánico sinxelo.	Realización de exercicios. Realización de probas escritas. PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Portfolio.

BLOQUE	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	TEMPORIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
	TEB4.2.4. Simula mediante software específico e mediante simboloxía normalizada sistemas mecánicos.	3ª Avaliación.	Simula e interpreta con software específico o funcionamento de sistemas mecánicos sinxelos.	Exercicios de simulación no ordenador da aula. PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Portfolio.
	TEB4.2.5. Deseña e monta sistemas mecánicos que cumpran unha función determinada.	3ª Avaliación.	Deseña e fabrica un sistema mecánico sinxelo que acade unha multiplicación de forza.	Deseño e fabricación do sistema mecánico. PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Prototipo.
	TEB4.3.1. Deseña e monta circuitos eléctricos básicos empregando lámpadas, zumbadores, motores, baterías e conectores.	2ª Avaliación.	Deseña e monta circuitos eléctricos básicos en serie e paralelo.	Realización de exercicios. Realización de probas escritas. Realización de prácticas de montaxe no taller. PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Prototipo
	TEB4.3.2. Deseña circuitos eléctricos básicos, utilizando software específico e simboloxía adecuada, e experimenta cos elementos que o configuran.	2ª Avaliación.	Deseña e experimenta con circuitos eléctricos básicos mediante software específico.	Exercicios de simulación no ordenador da aula. PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Prototipo
5	TEB5.1.1. Identifica as partes dun computador.	3ª Avaliación.	Identifica as partes fundamentais dun computador.	Realización de exercicios e probas escritas. PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Exposición dun tema.

BLOQUE	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	TEMPORIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
	TEB5.2.1. Manexa programas e software básicos.	Todas as avaliacións.	Manexa basicamente un procesador de texto, unha folla de cálculo, un simulador de circuitos eléctricos e de sistemas mecánicos e o programa scratch.	Realización de exercicios no ordenador da aula. PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Portfolio.
	TEB5.2.2. Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos.	Todas as avaliacións.	Utiliza adecuadamente o ordenador asignado respetando as normas de manexo.	Observación do manexo na aula. PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rúbrica.
	TEB5.2.3. Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos sinxelos con equipamentos informáticos.	Todas as avaliacións.	Utiliza un programa de ofimática para a elaboración dun proxecto técnico sinxelo.	Realización de exercicios no ordenador da aula. PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Rúbrica. Portfolio.
	TEB5.3.1. Deseña e elabora aplicacións informáticas sinxelas mediante un contorno de programación gráfico.	3ª Avaliación.	Realiza videoxogos moi sinxelos co programa Scratch.	Aplicacións acadadas. Realizacións de probas escritas. PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Prototipo.

2.4 Materiais e recursos didácticos

Empregarase o libro de texto da editorial Oxford, traballarase na aula de referencia do curso onde se dispón de ordenadores avalar e na aula-taller de tecnoloxía.

Na aula de tecnoloxía diferéncianse tres espazos:

- Os ordenadores: hai unha parte da aula con ordenadores para traballa-los contidos de informática.

- O taller: hai unha zona de traballo en grupos de bancos de madeira e de metal. As ferramentas estarán gardadas en varios armarios e as de uso máis común nun panel á vista. Existen estanterías para a colocación de proxectos.

Dadas as peculiaridades do espazo nesta área, haberá que contar cun período inicial de adaptación durante o que as actividades non poden ser complexas, prestando unha atención especial ós hábitos de orde e limpeza no traballo, así como ao coñecemento dos cadros de ferramentas suxeitos na parede. Destinarase unha parte do tempo para a recollida de material tras cada sesión.

Por todo isto, ademais do libro de texto, empregarase para o desenvolvemento da materia os seguintes recursos e materiais didácticos:

- Ferramentas, maquinaria e materiais presentes na aula-taller de tecnoloxía. Para este curso, traballarase con madeira, metais e as ferramentas axeitadas para a súa manipulación

- Materiais de refugallo de uso doméstico para a realización de proxectos: cartón, plásticos, madeira, etc.

- Ordenadores para o desenvolvemento dos temas informáticos presentes na programación.

- Proxector de vídeo para axudar a unha maior comprensión nas clases de informática, así como para mostrar figuras ou animacións relacionadas con outros temas.

2.5 Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado

A cualificación vén imposta polo sistema de promoción dos alumnos e alumnas e ten por obxecto informar se estes acadan ou non o nivel axeitado de coñecementos, e en que grao, para pasaren a outro nivel superior. É sempre cuantitativa.

Os criterios empregados deben ser coñecidos polo alumnado coa suficiente anticipación: os xerais ó principio de curso e os específicos dalgunha proba ou actividade coa anticipación necesaria.

Apartados	Instrumentos de avaliación	Observacións	Ponderación
A	Exames escritos e orais ou traballos establecidos polo profesor de cada grupo.	A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas nas distintas probas ou traballos.	80-60%
B	Exercicios e actividades orais e escritas realizadas na clase, no taller ou na casa e caderno de clase. Proxectos e prácticas na aula taller.	A oscilación entre o 20 e 40% dependerá da duración do proxecto e/ou as prácticas na aula taller (<i>non todos os traballos prácticos teñen a mesma duración e grao de dificultade</i>).	20-40%
C	Caderno do profesor: rexistro de incidencias do alumno na clase e no taller.	O profesor valorará o traballo que cada alumno tivo ao longo da avaliación.	10%

O traballo do alumnado ao longo de toda a avaliación será cuantificado polo profesor ou

profesora e recollido no medio que decida (guía de observación, lista de cotexo, etc) e plasmado no seu caderno (dixital ou en papel).

Cualificación de cada avaliación

- A cualificación de cada trimestre será o resultado da suma das cualificacións nos seguintes apartados, de acordo coa ponderación proposta para cada un deles:
- Na valoración do **apartado A** teranse en conta os seguintes criterios:
 - Cada proba escrita ou oral ou traballo deberá ter como mínimo un 4 para que faga media coas outras probas da avaliación.
 - No caso de que un alumno ou alumna sexa sorprendido copiando nun proba escrita, retiráraselle o exame e será cualificado cun 0.
 - A falta de asistencia a unha proba debe ser debidamente xustificada ou supoñerá un suspenso.
- Na valoración do **apartado B** teranse en conta os seguintes criterios:
 - Para que un proxecto ou práctica sexa avaliado positivamente terá que estar rematado no prazo indicado e deberá funcionar. Se non é así a nota máxima será de 4, agás no caso de que o profesor considere que os alumnos puxeron todo o seu esforzo no traballo aínda que non acadasen o éxito desexado.
 - Cando os alumnos traballen en grupo para facer prácticas ou proxectos non todos eles teñen que levar necesariamente a mesma nota, xa que o profesor ou profesora fixarase en que grao se implica cada compoñente do grupo.
 - No caso de traballos e exercicios escritos, cualificaranse cun 0 se non son presentados no prazo existido polo profesor.
- Na valoración do **apartado C** teranse en conta os seguintes criterios:
 - O profesor, baseándose no rexistrado no seu caderno, valorará positivamente a atención prestada ás explicacións por parte dos alumnos, o seu esforzo á hora de facer os traballos e exercicios e o seu grao de participación na clase.
 - No traballo na aula taller terase en conta o respecto ás normas de seguridade e hixiene no traballo cos materiais e ferramentas.
- A **cualificación da avaliación** obtérase tendo en conta todo o anterior. A nota mínima para obter un aprobado é o 5. Nos outros casos farase un redondeo, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é 0,5 ou superior e ao inferior se é inferior.

Probas de recuperación

- Ó alumnado que non acade unha cualificación positiva nunha avaliación faráselle unha recuperación na seguinte, que poderá consistir nunha proba escrita, oral ou un traballo.

Avaliación final ordinaria de xuño

- A cualificación da avaliación final de xuño será o resultado da media aritmética das tres avaliacións trimestrais. Considerarase superada a materia cando se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.
- Cómpre ter en conta que para superar a materia requirirase a superación das tres avaliacións, aínda que, excepcionalmente, tamén poderán aprobar os alumnos cunha avaliación suspensa se a nota non é inferior a 3 puntos e a media de todas as avaliacións é superior ou igual a 5 puntos.

Avaliación final extraordinaria de setembro

- O alumno ou alumna que non supere a materia na avaliación ordinaria do mes de xuño poderá realizar outra proba no mes de setembro, nas datas establecidas ao efecto pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e segundo o calendario e o horario fixado polo Centro. Esta proba será cualificada de 0 a 10 puntos e considerarase superada se a puntuación obtida é igual ou superior a 5 puntos.

2.6 Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

Avaliación do proceso de ensino:

Para avaliar o proceso de ensino establecemos os seguintes indicadores de logro:

ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	INDICADORES DE LOGRO
TEB1.1.1. Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	<ul style="list-style-type: none"> • Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo utilizando os Sistemas de Representación Diédrico, Perspectiva Caballera e Perspectiva Isométrica.
TEB1.2.1. Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción do prototipo.	<ul style="list-style-type: none"> • Realiza os informes escritos, o orzamento, o reparto de tarefas e o listado de ferramentas e materiais para a planificación da construción dun prototipo.
TEB 1.2.2. Constrúe un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	<ul style="list-style-type: none"> • Fabrica un prototipo que resolva un problema técnico sinxelo plantexado polo profesor/a.
TEB 1.2.3. Traballa en equipo de xeito responsable e respectuoso.	<ul style="list-style-type: none"> • Respecta as ideas e opinións das compañeiras e compañeiros do grupo. • Expón as súas ideas e opinións. • Asume as tarefas e responsabilidades que lle corresponden.
TEB2.1.1. Representa mediante vistas e perspectivas obxectos e sistemas técnicos, mediante esbozos e empregando criterios normalizados de cotación e escala.	<ul style="list-style-type: none"> • Representa con claridade en Sistema Diédrico e Perspectivas Caballera e Isométrica obxectos ou sistemas técnicos a fabricar. • Acota sobre as vistas e fai debuxos a escala de obxectos técnicos sinxelos.
TEB2.2.1. Interpreta esbozos e bosquexos sinxelos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.	<ul style="list-style-type: none"> • Extrae toda a información proporcionada a través dun esbozo ou un bosquexo.
TEB2.3.1. Produce os documentos relacionados cun prototipo sinxelo empregando software específico de apoio.	<ul style="list-style-type: none"> • Elabora correctamente a documentación relativa a cada proxecto técnico realizado con software ofimático.
TEB3.1.1. Describe as características propias dos materiais de uso técnico.	<ul style="list-style-type: none"> • Describe as propiedades xerais características dos diferentes materiais e de forma máis detallada da madeira e dos metais.
TEB3.1.2. Identifica tipos de materiais con que están fabricados obxectos técnicos cotiás.	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñece os materiais cos que están fabricados obxectos técnicos cotiás.
TEB3.2.1. Identifica e manipula con seguridade as ferramentas do taller en operacións básicas de conformación dos materiais de uso técnico.	<ul style="list-style-type: none"> • Manexa correctamente e de forma segura as ferramentas. • Emprega correctamente as técnicas necesarias para o traballo con diferentes materiais.
TEB3.2.2. Elabora un plan de traballo no taller con especial atención ás normas de seguridade e saúde.	<ul style="list-style-type: none"> • Realiza un plan detallado de traballo no taller con especial atención ás normas de seguridade e saúde.
TEB4.1.1. Describe audiovisual ou dixital, as características	<ul style="list-style-type: none"> • Describe as características propias dos diferentes tipos de estruturas.

ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	INDICADORES DE LOGRO
propias que configuran os tipos de estruturas, apoiándose en información escrita.	
TEB4.1.2. Identifica os esforzos característicos e a súa transmisión nos elementos que configuran a estrutura.	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica os esforzos característicos e a súa transmisión en diferentes tipos de estruturas.
TEB4.2.1. Describe, mediante información escrita e gráfica, como transforman e transmiten o movemento distintos mecanismos.	<ul style="list-style-type: none"> • Explica apoiándose nun debuxo ou esquema como se produce a transformación e transmisión de movemento nos principais mecanismos.
TEB4.2.2. Calcula a relación de transmisión de elementos mecánicos como as poleas e as engrenaxes.	<ul style="list-style-type: none"> • Calcula relacións de transmisión en sistemas mecánicos de transmisión do movemento circular.
TEB4.2.3. Explica a función dos elementos que configuran unha máquina ou un sistema desde o punto de vista estrutural e mecánico.	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica os principais elementos que forman unha máquina ou sistema dende o punto de vista estrutural e mecánico e explica as súas funcións.
TEB4.2.4. Simula mediante software específico e mediante simboloxía normalizada sistemas mecánicos.	<ul style="list-style-type: none"> • Simula e interpreta con software de representación de sistemas mecánicos o seu funcionamento.
TEB4.2.5. Deseña e monta sistemas mecánicos que cumpran unha función determinada.	<ul style="list-style-type: none"> • Deseña e fabrica sistemas mecánicos de transmisión ou transformación do movemento.
TEB4.3.1. Deseña e monta circuitos eléctricos básicos empregando lámpadas, zumbadores, motores, baterías e conectores.	<ul style="list-style-type: none"> • Deseña e monta circuitos eléctricos básicos con diferentes operadores eléctricos en serie e paralelo.
TEB4.3.2. Deseña circuitos eléctricos básicos, utilizando software específico e simboloxía adecuada, e experimenta cos elementos que o configuran.	<ul style="list-style-type: none"> • Manexa software específico que permite o deseño e a simulación do funcionamento de circuitos eléctricos básicos en serie e paralelo.
TEB5.1.1. Identifica as partes dun computador.	<ul style="list-style-type: none"> • Enumera e identifica as partes dun computador.
TEB5.2.1. Manexa programas e software básicos.	<ul style="list-style-type: none"> • Manexa axeitadamente un procesador de texto, unha folla de cálculo, un simulador de circuitos eléctricos e de sistemas mecánicos e o programa scratch.
TEB5.2.2. Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos.	<ul style="list-style-type: none"> • Sempre cumpre coas normas marcadas de manexo dos ordenadores.

ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	INDICADORES DE LOGRO
TEB5.2.3. Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos sinxelos con equipamentos informáticos.	<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza un programa ofimático para a elaboración dun proxecto técnico.
TEB5.3.1. Deseña e elabora aplicacións informáticas sinxelas mediante un contorno de programación gráfico.	<ul style="list-style-type: none"> • Realiza videoxogos de nivel básico co programa informático Scratch.

Avaliación da práctica docente:

ACTIVIDADE	INDICADORES DE LOGRO
Planificación	<ul style="list-style-type: none"> • Planifica a práctica docente tendo en conta os estándares de aprendizaxe. • Realiza a temporización tendo en conta as horas asignadas á materia e a duración dunha sesión de traballo. • Selecciona e secuencia os contidos de maneira progresiva e tendo en conta os aspectos particulares de cada grupo. • Planifica as clases de maneira aberta e flexible. • Selecciona e elabora os materiais e recursos didácticos para desenvolver a práctica docente na aula-taller. • Prepara o material e guións das prácticas e proxectos que se desenvolverán na aula-taller. • Establece criterios, procedementos e instrumentos de avaliación correlacionados cos estándares de aprendizaxe • Coordínase co profesorado do propio departamento e doutros departamentos.
Motivación do alumnado	<ul style="list-style-type: none"> • Dá a coñecer a planificación da práctica na aula-taller proporcionando unha visión de conxunto ao comezo de cada bloque de contidos e de cada sesión de traballo. • Establece canles de comunicación para que o diálogo sexa fluído dentro e fóra da aula-taller. • Proporciona ao alumnado o apoio necesario durante o proceso de ensino-aprendizaxe. • Desenvolve actividades de diversos tipos e características introducindo elementos novedosos. • Fomenta un bo ambiente na aula-taller. • Promove a participación activa do alumnado. • Fai posible a realimentación na entrega e avaliación de prácticas e traballos. • Relaciona os contidos, os proxectos e as actividades cos intereses do alumnado. • Organiza a aula-taller para que o alumnado dispoña de espazo e recursos na realización de prácticas e proxectos. • Evita a repetición de proxectos a fin de introducir elementos novedosos que motiven ao alumnado.
Traballo na aula-taller	<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza exemplos na introdución de novos contidos.

ACTIVIDADE	INDICADORES DE LOGRO
	<ul style="list-style-type: none"> • Resolve as dúbidas do alumnado . • Utiliza diferentes soportes durante as sesións de traballo. • Selecciona prácticas, proxectos e actividades en xeral que permitan alcanzar os estándares de aprendizaxe e a adquisición das competencias clave.
<p>Avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Realiza a avaliación inicial a fin de tomar as medidas individuais ou colectivas necesarias. • Analiza os procesos e os resultados das prácticas, proxectos, exercicios probas e actividades en xeral. • Establece medidas que permitan introducir melloras. • Fai posible a realimentación na entrega e avaliación de prácticas e traballos indicando os aspectos nos que o alumnado pode e debe introducir melloras. • Proporciona indicacións durante a realización do traballo práctico na aula-taller. • Supervisa de forma continua a resolución de exercicios e realización de tarefas que se desenvolven durante as sesións de traballo. • Favorece os procesos de autoavaliación. • Propón actividades complementarias para resolver problemas que xorden durante o proceso de ensino-aprendizaxe. • Establece con claridade os criterios de avaliación e de puntuación. • Informa ao alumnado dos resultados obtidos.

2.7 Avaliación inicial

A avaliación inicial proporciona datos sobre os coñecementos previos do alumnado. Lévese a cabo durante os primeiros días do curso por medio de cuestionarios sinxelos sobre os contidos básicos da materia e/ou por medio de preguntas orais.

Esta avaliación inicial está tamén dirixida a detectar necesidades educativas específicas dentro do alumnado. De ser necesario estableceranse as seguintes medidas:

- Atención individual intensiva na realización de prácticas.
- Subministración de material de apoio na aula.
- Ampliación de tempo na realización de probas.
- Apoios en pequeno grupo.
- Realización de tarefas en grupo.
- Adaptación curricular intensiva, de ser o caso.

Estas medidas serán aplicadas no marco da metodoloxía descrita no apartado correspondente.

3.TECNOLOXÍAS, 3ºESO

3.1 Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias claves

A contribución da materia ao desenvolvemento de cada unha das competencias clave pode entenderse a través da relación entre estas e os estándares de aprendizaxe avaliábeis, tal e como se recolle na táboa das seguintes páxinas:

BLOQUE	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
	Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	X	X	X	X	X	X	X
l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

9.3 Concreción para cada estándar de aprendizaxe de: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación

Amósanse nas táboas das seguintes páxinas as concrecións requiridas para cada estándar de aprendizaxe.

Bloque	Estándar de aprendizaxe avaliable	Temporización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
Bloque 1. Programación				
1	TIC2B1.1.1. Explica as estruturas de almacenamento para diferentes aplicacións tendo en conta as súas características.	Todas as avaliacións.	Identifica e utiliza as estruturas de almacenamento nalgunha aplicación tendo en conta as súas características.	Probas escritas. Probas prácticas na aula.
	TIC2B1.2.1. Elabora diagramas de fluxo de mediana complexidade usando elementos gráficos e relacionándoos entre si para dar resposta a problemas concretos.	Todas as avaliacións.	Realiza diagramas de fluxo que resolven algoritmos sinxelos.	Probas escritas. Probas prácticas na aula.
	TIC2B1.3.1. Elabora programas de mediana complexidade utilizando contornos de programación.	Todas as avaliacións.	Realiza programas sinxelos en linguaxe C e en Scratch.	Probas escritas. Probas prácticas na aula.
	TIC2B1.4.1. Elabora programas de mediana complexidade definindo o fluxograma correspondente e escribindo o código correspondente.	Todas as avaliacións.	Transforma os diagramas de fluxo que resolven algoritmos sinxelos no seu código correspondente.	Probas escritas. Probas prácticas na aula.
	TIC2B1.4.2. Descompón problemas de certa complexidade en problemas máis pequenos susceptibles de seren programados como partes separadas.	2ª e 3ª avaliación.	Programa a resolución dun problema de complexidade media ao descompoñelo en problemas máis pequenos e por tanto máis doados de seren programados.	Probas escritas. Probas prácticas na aula.
	TIC2B1.5.1. Obtén o resultado de seguir un programa escrito nun código determinado, partindo de determinadas condicións.	Todas as avaliacións.	Acada o resultado que se obtería na execución de programas de complexidade media a partir da análise do código cunhas condicións determinadas.	Probas escritas. Probas prácticas na aula.
	TIC2B1.5.2. Optimiza o código dun programa dado aplicando procedementos de depuración.	2ª e 3ª avaliación.	Aplica procedementos de depuración para optimizar o código de programas de dificultade media-baixa.	Probas escritas. Probas prácticas na aula.

Bloque	Estándar de aprendizaxe avaliable	Temporización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
Bloque 2. Publicación e difusión de contidos				
2	TIC2B2.1.1. Deseña páxinas web e blogs con ferramentas específicas analizando as características fundamentais relacionadas coa súa accesibilidade e a súa usabilidade, tendo en conta a función á que está destinada.	Todas as avaliacións.	Deseña un blog e unha páxina web e modificaos traballando cunha linguaxe de marcaxe acadando un bo resultado que dé resposta aos fins para os que foron creados.	Probas escritas. Probas prácticas na aula. Exposicións orais apoiadas coas TIC.
	TIC2B2.2.1. Elabora traballos utilizando as posibilidades de colaboración que permiten as tecnoloxías baseadas na web 2.0.	Todas as avaliacións.	Realiza traballos en colaboración con outros/as compañeiros/as nos que utiliza algunhas das ferramentas da web 2.0.	Probas escritas. Probas prácticas na aula. Exposicións orais apoiadas coas TIC.
	TIC2B2.3.1. Explica as características relevantes da web 2.0 e os principios en que esta se basea.	1ª avaliación.	Enumera as características principais da web 2.0 e os principios en que se basea e utiliza parte das posibilidades que nos oferta.	Probas escritas. Probas prácticas na aula.
Bloque 3. Seguridade				
3	TIC2B3.1.1. Elabora un esquema de bloques cos elementos de protección física fronte a ataques externos para unha pequena rede, considerando tanto os elementos de hardware de protección como as ferramentas de software que permiten protexer a información.	3ª Avaliación.	Realiza un esquema de bloques cos principais elementos de hardware e de software necesarios nunha pequena rede para acadar protexer a información.	Probas escritas. Exposicións orais apoiadas coas TIC.
	TIC2B3.2.1. Selecciona elementos de protección de software para internet relacionándoos cos posibles ataques.	3ª Avaliación.	Relaciona os ataques máis comúns co software que dá resposta a cada un deles.	Probas escritas. Exposicións orais apoiadas coas TIC.

Bloque	Estándar de aprendizaxe avaliable	Temporización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
	TIC2B3.2.2. Elabora un esquema de bloques cos elementos de protección física fronte a ataques externos para unha pequena rede, considerando os elementos de hardware de protección	3ª Avaliación.	Realiza un esquema de bloques cos principais elementos de hardware nunha pequena rede para acadar protexer a información.	Probas escritas. Exposicións orais apoiadas coas TIC.
	TIC2B3.2.3. Clasifica o código malicioso pola súa capacidade de propagación e describe as características de cada un, indicando sobre que elementos actúan.	3ª Avaliación.	Describe as principais características e clasifica o código malicioso máis común e sinala sobre que elementos actúa.	Probas escritas. Exposicións orais apoiadas coas TIC.

9.4 Materiais e recursos didácticos

A continuación móstrase os materiais e os recursos que se empregarán para a ensinanza de todo o currículo de TIC:

-Programas de deseño.

-Follas de cálculo.

-Consultas na rede.

-Recursos audiovisuais na rede: fotos, esquemas, animacións tridimensionais, películas, debuxos, apuntamentos...

-Programas de simulación.

-Programas de deseño de páxinas web.

-Linguaxes de programación.

As clases de TIC desenvolveranse nas aulas multimedia, onde cada alumno disporá dun ordenador.

9.5 Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado

A cualificación ven imposta polo sistema de promoción dos alumnos e alumnas, ten por obxecto informar se estes acadan ou non o nivel axeitado de coñecementos, incluso en que grao, para pasaren a outro nivel superior. É sempre cuantitativa.

Os criterios empregados deben ser coñecidos polo alumnado coa suficiente anticipación: os xerais ó principio de curso, e os específicos dalgunha proba ou actividade coa anticipación necesaria.

Cualificación de cada avaliación

▪ A cualificación de cada trimestre será o resultado da suma das cualificacións nos seguintes apartados, de acordo coa ponderación proposta para cada un deles:

Apartados	Instrumentos de avaliación	Observacións	Ponderación
A	Exames escritos e orais establecidos polo profesor de cada grupo.	A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas nas distintas probas.	80-60%
B	Exercicios e actividades orais e escritas realizadas na clase, no taller ou na casa e caderno de clase. Proxectos e prácticas na aula taller.	A oscilación entre o 20 e 40% dependerá da duración do proxecto e/ou as prácticas na aula taller (<i>non todos os traballos prácticos teñen a mesma duración e grao de dificultade</i>).	20-40%
C	Caderno do profesor: rexistro de incidencias do alumno na clase e no taller.	O profesor valorará a o traballo que cada alumno tivo ao longo da avaliación.	10%

O traballo do alumnado ao longo de toda a avaliación será cuantificado polo profesor ou profesora e recollido no medio que decida (guía de observación, lista de cotexo, etc) e plasmado no seu caderno (dixital ou en papel).

▪ Na valoración do **apartado A** teranse os conta os seguintes criterios:

○ Cada proba escrita ou oral deberá ter como mínimo un 4 para que faga media coas outras probas da avaliación.

○ No caso de que un alumno ou alumna sexa sorprendido copiando, retiráraselle o exame e será cualificado cun 0.

○ A falta de asistencia a unha proba debe ser xustificada ou supoñerá un suspenso

- Na valoración do **apartado B** teranse en conta os seguintes criterios:
 - Para que un proxecto ou práctica sexa avaliado positivamente terá que estar rematado no prazo indicado e deberá funcionar. Se non é así a nota máxima será de 4, agás no caso de que o profesor considere que os alumnos puxeron todo o seu esforzo no traballo aínda que non acadasen o éxito desexado.
 - Cando os alumnos traballen en grupo para facer prácticas ou proxectos non todos eles teñen que levar necesariamente a mesma nota, xa que o profesor ou profesora fixarase en que grao se implica cada compoñente do grupo.
 - No caso de traballos e exercicios escritos, cualificaranse cun 0 se non son presentados no prazo exisido polo profesor.
- Na valoración do **apartado C** teranse en conta os seguintes criterios:
 - O profesor, baseándose no recollido no seu caderno, valorará positivamente a atención prestada ás explicacións por parte dos alumnos, o seu esforzo á hora de facer os traballos e exercicios e o seu grao de participación na clase.
 - No traballo na aula taller terase en conta o respecto ás normas de seguridade e hixiene no traballo cos materiais e ferramentas e non traer o material necesario.
- A **cualificación da avaliación** obtense tendo en conta todo o anterior. A nota mínima para obter un aprobado é o 5. Nos outros casos farase un redondeo, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é 0,5 ou superior e ao inferior se é inferior.

Probos de recuperación

- Ó alumnado que non acade unha cualificación positiva nunha avaliación faráselle unha recuperación na seguinte, que poderá consistir nunha proba escrita, oral ou un traballo. A nota obtida nesta recuperación terá unha cualificación real menor para evitar agravios comparativos.

Avaliación final ordinaria de xuño

- A cualificación da avaliación final de xuño será o resultado da media aritmética das tres avaliacións trimestrais. Considerarase superada a materia cando se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.
- Cómpre ter en conta que para superar a materia requirirase a superación das tres avaliacións, aínda que, excepcionalmente, tamén poderán aprobar os alumnos cunha avaliación suspensa se a nota non é inferior a 3 puntos e a media de todas as avaliacións é superior ou igual a 5 puntos.

Avaliación final extraordinaria de setembro

- O alumno que non supere a materia na avaliación ordinaria do mes de xuño poderá realizar outra proba no mes de setembro, nas datas establecidas ao efecto pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e segundo o calendario e o horario fixado polo Centro. Esta proba será cualificada de 0 a 10 puntos e considerase superada se a puntuación obtida é igual ou superior a 5 puntos.

9.6 Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

Avaliación do proceso de ensino

Para avaliar o proceso de ensino establecemos os seguintes indicadores de logro por niveis:

ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	INDICADORES DE LOGRO
Bloque 1. Programación	
TIC2B1.1.1. Explica as estruturas de almacenamento para diferentes aplicacións tendo en conta as súas características.	Identifica e utiliza as estruturas de almacenamento en diferentes aplicacións tendo en conta as súas características.
TIC2B1.2.1. Elabora diagramas de fluxo de mediana complexidade usando elementos gráficos e relacionándoos entre si para dar resposta a problemas concretos.	Realiza diagramas de fluxo que resolven algoritmos de complexidade media.
TIC2B1.3.1. Elabora programas de mediana complexidade utilizando contornos de programación.	Realiza programas de complexidade media en linguaxe C e en Scratch.
TIC2B1.4.1. Elabora programas de mediana complexidade definindo o fluxograma correspondente e escribindo o código correspondente.	Transforma os diagramas de fluxo que resolven algoritmos de complexidade media no seu código correspondente.
TIC2B1.4.2. Descompón problemas de certa complexidade en problemas máis pequenos susceptibles de seren programados como partes separadas.	Programa a resolución diferentes problemas de complexidade media ao descompoñelos en problemas máis pequenos e por tanto máis doados de seren programados.
TIC2B1.5.1. Obtén o resultado de seguir un programa escrito nun código determinado, partindo de determinadas condicións.	Acada o resultado que se obtería na execución de programas de complexidade media e alta a partir da análise do código cunhas condicións determinadas.
TIC2B1.5.2. Optimiza o código dun programa dado aplicando procedementos de depuración.	Aplica procedementos de depuración para optimizar o código de programas de dificultade media.
Bloque 2. Publicación e difusión de contidos	
TIC2B2.1.1. Deseña páxinas web e blogs con ferramentas específicas analizando as características fundamentais relacionadas coa súa accesibilidade e a súa usabilidade, tendo en conta a función á que está destinada.	Deseña un blog e unha páxina web de complexidade media e modifícaa traballando cunha linguaxe de marcaxe acadando un bo resultado que dé resposta aos fins para os que foron creados.
TIC2B2.2.1. Elabora traballos utilizando as posibilidades de colaboración que permiten as tecnoloxías baseadas na web 2.0.	Realiza traballos en colaboración con outros/as compañeiros/as nos que utiliza moitas das ferramentas da web 2.0.
TIC2B2.3.1. Explica as características relevantes da web 2.0 e os	Enumera e analiza as características principais da web 2.0 e os principios

ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	INDICADORES DE LOGRO
principios en que esta se basea.	en que se basea e sácalle o máximo rendemento ás posibilidades que nos oferta.
Bloque 3. Seguridade	
TIC2B3.1.1. Elabora un esquema de bloques cos elementos de protección física fronte a ataques externos para unha pequena rede, considerando tanto os elementos de hardware de protección como as ferramentas de software que permiten protexer a información.	Realiza un esquema de bloques con todos os elementos de hardware e de software necesarios nunha pequena rede para acadar protexer a información.
TIC2B3.2.1. Selecciona elementos de protección de software para internet relacionándoos cos posibles ataques.	Relaciona todo tipo de ataques co software que dá resposta a cada un deles.
TIC2B3.2.2. Elabora un esquema de bloques cos elementos de protección física fronte a ataques externos para unha pequena rede, considerando os elementos de hardware de protección	Realiza un esquema de bloques con todos os elementos de hardware necesarios nunha pequena rede para acadar protexer a información.
TIC2B3.2.3. Clasifica o código malicioso pola súa capacidade de propagación e describe as características de cada un, indicando sobre que elementos actúan.	Describe todas as características e clasifica o código malicioso e sinala sobre que elementos actúa.

Avaliación da práctica docente

ACTIVIDADE	INDICADORES DE LOGRO
Planificación	<ul style="list-style-type: none">• Planifica a práctica docente tendo en conta os estándares de aprendizaxe.• Realiza a temporización tendo en conta as horas asignadas á materia e a duración dunha sesión de traballo.• Selecciona e secuencia os contidos de maneira progresiva e tendo en conta os aspectos particulares de cada grupo.• Planifica as clases de maneira aberta e flexible.• Selecciona e elabora os materiais e recursos didácticos para desenvolver a práctica docente na aula-taller.• Prepara o material e guións das prácticas e proxectos que se desenvolverán na aula-taller.• Establece criterios, procedementos e instrumentos de avaliación correlacionados cos estándares de aprendizaxe• Coordínase co profesorado do propio departamento e doutros departamentos.
Motivación do alumnado	<ul style="list-style-type: none">• Dá a coñecer a planificación da práctica na aula-taller proporcionando unha visión de conxunto ao comezo de cada bloque de contidos e de cada sesión de traballo.• Establece canles de comunicación para que o diálogo sexa fluído dentro e fóra da aula-taller.• Proporciona ao alumnado o apoio necesario durante o proceso de ensino-aprendizaxe.• Desenvolve actividades de diversos tipos e características introducindo elementos novedosos.• Fomenta un bo ambiente na aula-taller.• Promove a participación activa do alumnado.• Fai posible a realimentación na entrega e avaliación de prácticas e traballos.• Relaciona os contidos, os proxectos e as actividades cos intereses do alumnado.• Organiza a aula-taller para que o alumnado dispoña de espazo e recursos na realización de prácticas e proxectos.• Evita a repetición de proxectos a fin de introducir elementos novedosos que motiven ao alumnado.
Traballo na aula-taller	<ul style="list-style-type: none">• Utiliza exemplos na introdución de novos contidos.• Resolve as dúbidas do alumnado.• Utiliza diferentes soportes durante as sesións de traballo.• Selecciona prácticas, proxectos e actividades en xeral que permitan alcanzar os estándares de aprendizaxe e a adquisición das competencias clave.
Avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none">• Realiza a avaliación inicial a fin de tomar as medidas individuais ou colectivas necesarias.• Analiza os procesos e os resultados das prácticas, proxectos, exercicios probas e actividades en xeral.• Establece medidas que permitan introducir melloras.

ACTIVIDADE	INDICADORES DE LOGRO
	<ul style="list-style-type: none"> • Fai posible a realimentación na entrega e avaliación de prácticas e traballos indicando os aspectos nos que o alumnado pode e debe introducir melloras. • Proporciona indicacións durante a realización do traballo práctico na aula-taller. • Supervisa de forma continua a resolución de exercicios e realización de tarefas que se desenvolven durante as sesións de traballo. • Favorece os procesos de autoavaliación. • Propón actividades complementarias para resolver problemas que xorden durante o proceso de ensino-aprendizaxe. • Establece con claridade os criterios de avaliación e de puntuación. • Informa ao alumnado e ás súas familias dos resultados obtidos.

9.7 Avaliación inicial

A materia de TIC II está incluída nos itinerarios de Ciencia e Tecnoloxía, e dentro de eles é unha materia optativa. Esta optatividade propicia que o alumnado da mesma veña motivado e cun coñecemento do que se vai atopar. Canto máis, se consideramos que xa en 4º de ESO é unha materia optativa.

De tódolos xeitos, levarase a cabo durante os primeiros días do curso unha avaliación inicial por medio de cuestionarios sinxelos sobre os contidos básicos da materia e/ou por medio de preguntas orais.

Nas primeiras exposicións de cada bloque temático grazas á interacción co alumnado poderemos coñecer o seu nivel inicial tanto no aspecto dos contidos teóricos como de dominio da parte máis práctica e isto terase en conta para establecer o nivel de partida de impartición do tema.

10. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Os métodos empregados na área de tecnoloxía deben facilitar a adquisición duns hábitos intelectuais e dunhas destrezas técnicas que permitan ó alumnado identificar situacións problemáticas da vida cotiá e formular, con espírito innovador e creativo, vías posibles de solución e formas de avaliar as súas consecuencias.

Tendo en conta isto, propónse unha metodoloxía fundamentada en tres principios. Por unha banda, a adquisición duns coñecementos científico-técnicos necesarios para a comprensión e o desenvolvemento de actividades tecnolóxicas básicas. Nun segundo aspecto, a asimilación da dimensión práctica destas capacidades ó aplicalas á análise, manipulación e transformación de obxectos e sistemas tecnolóxicos, transcendendo ou propio obxecto e integrándoo non ámbito social e cultural dá época na que se produciu. En terceiro lugar, a posibilidade de emular procesos de resolución de problemas prácticos, a través da chamada metodoloxía de proxectos, convírtese no remate do proceso de aprendizaxe da etapa e adquire a súa misión de síntese globalizada das actividades precedentes.

Tipos de actividades

A consecución dos obxectivos de aprendizaxe esixe unha gran variedade de actividades que combinen o desenvolvemento das capacidades apoiándose nos diferentes contidos. Por iso, é importante que á hora de programar, tratemos de equilibrar os seguintes tipos de actividades de aprendizaxe:

- actividades sobre contidos de tipo conceptual: realización dun mapa conceptual, un resumo, explicación do profesor, memorización dunha información,...
- actividades sobre contidos de tipo procedemental: medida das dimensións dun obxecto, deseño de solucións, busca de información, construción dun obxecto, uso de programas de

simulación...

- actividades sobre contidos de tipo actitudinal: debate sobre repercusións dalgunha actividade tecnolóxica, recollida da aula, traballo cooperativo en grupo,..

Por outra banda, entre as características desexables das actividades están que sexan atractivas, económicas (baixo custo, boa relación entre elementos curriculares traballados e tempo investido), medioambientais (uso de material de refugallo, aforro enerxético, impacto ambiental), relacionadas coa contorna e de relevancia (incorporación de novos contidos).

En canto á organización dos alumnos para a realización das actividades, hai que ter en consideración que o traballo en pequeno e gran grupo, ademais de fomentar a capacidade dos alumnos para aprender por eles mesmos, propicia o desenvolvemento de cualidades necesarias para a futura inserción da persoa na actividade laboral.

Os alumnos realizarán de forma individual a atención ás explicacións, a memoria do proxecto e a fase de deseño do mesmo, para propiciar a creatividade de cada un antes de realizar a elección da solución por parte do grupo ó completo. Serán tamén individuais, e rotatorios, os cargos de responsabilidade que se asignen na clase: encargado de almacén, de ferramentas, etc.

O pequeno grupo, preferiblemente de non máis de tres alumnos, escollerase para a realización dos proxectos. Debe buscarse un grupo compensado en canto a capacidades, intereses, rapaces-rapazas...

Para rematar, a realización de debates é unha das actividades que frecuentemente se realizan en gran grupo. Durante o seu desenvolvemento, o profesorado debe orientalo e fomentar a participación, se é necesario requerindo a intervención dalgún alumno a través de preguntas directas.

Metodoloxía específica no Bacharelato

- Formulación de problemas abertos que admitan múltiples solucións para estimular a creatividade.
- Presentación, oral e escrita, de informes sobre ideas e solucións, favorecendo o debate e propiciando a argumentación.
- A busca de información, o cálculo, a planificación e a montaxe, deseñadas para que potencien a confianza e autoestima do alumnado
- A verificación de que as montaxes ou os obxectos cumpren as especificacións previstas, sexa mediante comprobacións de funcionamento, sexa coa realización de medidas en situacións controladas.

Metodoloxía específica nas materias de TIC

As clases desenvólvense nasa aula multimedias dotadas de ordenadores con conexión a Internet. Tódolos ordenadores teñen instalado o sistema operativo Windows coas utilidades e ferramentas que se instalan por defecto, así como diversos programas de aplicación como procesador de textos, folla de cálculo, programas de tratamento de bases de datos, programas para realizar publicacións e programas de elaboración de páxinas web, entre outras aplicacións. Así mesmo, teñen instalado o sistema operativo LINUX coas utilidades e ferramentas que se instalan por defecto

Ademais o ordenador do profesor dispón do programa Edebenet o que permite seguir o traballo dos alumnos de xeito continuado. Este mesmo ordenador está conectado con un proxector que permite que os alumnos visualicen nunha pantalla xigante o monitor do profesor e lles sexa máis facilmente comprensible as distintas operacións a realizar en cada momento.

Os alumnos traballarán ben cun libro de texto que inclúe un CD con exercicios e programas de software libre para que eles mesmos poidan instalalos ou ben con apuntamentos e materiais proporcionados a través da aula virtual do centro.

Dado o carácter da materia, as clases son moi prácticas cunha pequena explicación inicial por parte do profesor ou profesora e a realización posterior de prácticas e traballos por parte do alumnado. Estes traballos, que deben estar gardados de man do alumnado, deben ser entregados ao profesor ou profesora no prazo e a través do medio indicado polo mesmo (aula virtual, correo

electrónico...)

En canto á distribución dos alumnos, ocuparán un ordenador de forma individual.

11. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO DE RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Para aqueles alumnos que teñan a materia pendente e con obxecto de facilitarlles a superación da mesma, se lles propondá o plan de traballo que se inclúe nesta programación.

Sinalar que non contamos cun programa de reforzo con atribución horaria. A xefa de departamento será a encargada de explicar ao alumnado, nunha reunión concertada polo equipo directivo, o plan de traballo e os procedementos de cualificación para a materia pendente.

Plan de traballo (na ESO)

Na reunión que a xefa de departamento terá co alumnado coa materia pendente presentarase para cada curso unha relación dos contidos que o alumno debe asimilar para poder considerar superada a materia, seguida das actividades que a tal fin se lle proporán.

Estas actividades estarán relacionadas cos contidos da materia pendente e serán elaboradas polo profesor que lle impartiu a materia no curso anterior. Tanto a xefa de departamento como o profesor da materia en cada curso estarán encargados de axudar e resolver todas as posibles dúbidas que lle xurdan ao alumnado. Tamén se lles proporcionará, en caso de ser solicitado, o libro de texto correspondente.

Procedementos para a cualificación (na ESO)

A partires das actividades propostas ao alumnado elaborárase unha proba escrita, que terá lugar nas convocatorias establecidas polo centro: unha en febreiro e outra en maio, ademais da extraordinaria de setembro. Na convocatoria de febreiro o alumno poderá decidir se intentar recuperar toda a materia ou só unha parte (dos contidos que corresponden a esta primeira parte e as actividades, se lles informará na reunión inicial). Para estas probas realízase por parte da Dirección un calendario para todos os departamentos que se dá a coñecer previamente, tanto ao profesorado coma ao alumnado.

Estas probas serán cualificada de 0 a 10 puntos e consideraranse superadas se a puntuación obtida é igual ou superior a 5.

Os alumnos que cursen Tecnoloxías no curso actual e acaden o nivel de aprobado, aprobarán de forma automática a materia pendente.

Procedementos para a cualificación (no BAC)

Tecnoloxía Industrial I

Elaborárase unha proba escrita, que terá lugar nas convocatorias establecidas polo centro: unha en febreiro e outra en maio, ademais da extraordinaria de setembro. Na convocatoria de febreiro o alumno poderá decidir se intentar recuperar toda a materia ou só unha parte (dos contidos que corresponden a esta primeira parte e as actividades, se lles informará na reunión inicial). Para estas probas realízase por parte da Dirección un calendario para todos os departamentos que se dá a coñecer previamente, tanto ao profesorado coma ao alumnado.

Estas probas serán cualificada de 0 a 10 puntos e consideraranse superadas se a puntuación obtida é igual ou superior a 5.

Tecnoloxía da Información e Comunicación I

O alumnado que ten pendente a TIC de 1º de BAC deberá realizar unha serie de traballos propostos pola profesora de TIC en 2º de BAC relacionados cos temas de edición de imaxe, vídeo e audio. Considerárase superada a materia se ditos traballos son avaliados positivamente.

Os alumnos e alumnas que non realicen as actividades propostas terán dereito a realización dun exame nas convocatorias establecidas polo centro: en maio e en setembro. Para estas probas realízase por parte da Dirección un calendario para todos os departamentos que se dá a coñecer previamente, tanto ao profesorado coma ao alumnado.

Estas probas serán cualificadas de 0 a 10 puntos e consideraranse superadas se a puntuación obtida é igual ou superior a 5.

12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O tratamento á diversidade recóllese nesta programación de diferentes formas:

- A mellor estratexia para a integración do alumnado con necesidades educativas especiais ou con determinados problemas de aprendizaxe, é implicalos nas mesmas tarefas co resto do grupo, con distintos métodos de apoio e esixencia. O tratamento en "espiral" ofrece a posibilidade de retomar un contido non asimilado nun momento posterior de traballo, co cual evitamos a paralización do proceso de aprendizaxe de dito sector con exercicios repetitivos que soen incidir negativamente no nivel de motivación.
- Esta posibilidade de distinto nivel de profundización en moitas das actividades propostas, permitirán atender demandas de carácter máis profundo por parte de aqueles alumnos con niveis de partida máis avanzados o cun interese maior sobre o tema estudado.

Por último, insistir en que o traballo no taller de tecnoloxía e nas aulas de informática, ademais do xa comentado, posibilita a aqueles alumnos e alumnas máis avantaxados unha profundización no tema tratado; e a aqueles ou aquelas con deficiencias, permítelles unha nova oportunidade para assimilar os contidos básicos do bloque ou da unidade. Ademais, a formación de grupos para a realización de proxectos e prácticas fomenta as relacións sociais entre o alumnado e a formación ou asentamento dunha maior cultura social e cívica.

13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Temas transversais na ESO

Algúns contidos da ensinanza non poden estar situados nunha área determinada do currículo, pois son temas importantes que reclaman a contribución de tódalas áreas, cada unha dende a súa propia perspectiva e especificidade. A continuación trátase de expoñer como van a ser tratados algúns de estes temas transversais dentro das materias deste departamento:

- **Educación para a saúde e calidade de vida.** O lograr un ambiente agradable na realización dos traballos da área axudan a xerar comportamentos e actitudes moi positivas para a saúde; fomenta-la orde e limpeza na aula de tecnoloxía; coñecer e aplica-las normas de seguridade e hixiene no traballo propicia unha valoración positiva, por parte dos nosos alumnos, da educación para a saúde.
- **Educación ambiental.** Fomentar a busca de solucións que eviten ou minimicen o impacto ambiental; valoralo posible esgotamento de recursos e analízalos inconvenientes que se deriven do uso de cada un dos materiais, e a repercusión que poida ter nas persoas, animais e plantas, así coma na vida en sociedade.
- **Educación para o consumidor.** Valorar o custo na realización dos proxectos tecnolóxicos e comparalo co seu uso, analizando as condicións técnicas e estéticas que debe reunir para determinar as características dos materiais que hai que utilizar; analizar a relación calidade/prezo axudará a desenvolver nos nosos alumnos e alumnas actitudes de consumidor responsable.
- **Educación para a paz.** Fomentar o traballo cooperativo; incidir no respecto ás ideas doutros; apoia-los menos capacitados no desenvolvemento dos proxectos tecnolóxicos; desenvolver unha actitude aberta e flexible ante as ideas e os traballos dos demais axudan a adquirir valores e actitudes que incidan directamente neste tema transversal.
- **Educación para o ocio.** O desenvolvemento e realización do traballo tecnolóxico e do uso das ferramentas poden fomentar na vida cotiá do alumnado o gusto pola realización de actividades de ocio e afeccións relacionadas co proceso tecnolóxico.
- **Educación para a igualdade entre ámbolos dous sexos.** Fomenta-lo reparto de tarefas nun plano absoluto de igualdade en función das capacidades, sen distinción de sexo; valorar o esforzo, as ideas e o traballo dos demais dende unha perspectiva de igualdade son contidos plenamente enmarcados na área de Tecnoloxía que inciden no desenvolvemento dunha educación para a igualdade de

oportunidades de ámbolos dous sexos.

• **Educación moral e cívica.** Analizar e valorar as implicacións que supón o desenvolvemento de determinados aspectos científicos e técnicos dende unha perspectiva moral e ética; valorar e analizar dende a perspectiva ética e moral as consecuencias derivadas polo desenvolvemento tecnolóxico en dimensión social e persoal de cada un.

Temas transversais no bacharelato

Os temas transversais do bacharelato serán os enumerados para a ESO, nos que se acadará un grao de profundización maior, dacordo coa idade do alumnado deste nivel.

En particular, farase fincapé dentro da **Educación ambiental**, no cambio climático, no esgotamento dos recursos e na busca de solucións para reducir o impacto ambiental da actividade tecnolóxica. E, na **Educación para o consumidor**, na reflexión e valoración do consumo de bens e servicios tecnolóxicos (móviles, MP3, MP4, tablets...), tendo en conta a utilización de recursos e as consideración ecolóxicas axeitadas.

Como tema transversal específico de bachelato, tratarase “**O mundo do traballo e as relación laborais**”, dende a perspectiva da actividade tecnolóxica.

14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Este curso colaborarase no desenvolvemento de proxectos e presentacións para expoñer durante a celebración da “Semana Cultural”. Así como na sexta edición do festival audiovisual do IES N°1 de Ribeira.

Aínda que está sen confirmar, o departamento ten interese na visitas didáctica á fábrica de PSA Peugeot-Citröen S.A en Vigo, cos alumnos de Tecnoloxía de 4º ESO e de Tecnoloxía Industrial I de 1º de Bacharelato. Así como a participación no XI Concurso Galego de Robótica.

O resto das actividades complementarias e extraescolares previstas durante o transcurso do ano lectivo establécense polo colectivo de profesores compoñentes do claustro. Tamén se deixa a porta aberta a posibles visitas que xurdan ao longo do curso académico.

Dada a situación actual da pandemia, é previsible que non poidan ter lugar moitas das actividades extraescolares previstas.

15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Adicarase unha sesión, preferentemente a primeira do curso, a informar a todo o alumnado de cada un dos grupos, niveis e materias das que se fai cargo este departamento, dos aspectos máis relevantes desta programación. Facendo fincapé na avaliación, os criterios de calificación e os mínimos esixibles. Que, ademais, estarán dispoñibles para ser consultados para todos os membros da comunidade educativa que así o desexen an páxina web do instituto.

Ao rematar o curso o departamento reunirse para valorar os resultados dos diferentes cursos e grupos. Estudiarase se a maioría do alumnado acadou os obxectivos perseguidos nesta programación e, naqueles casos nos que non sexa así, comentarase de que forma se poderían mellorar, en opinión de cada membro, os aspectos dela que afectaron a eses resultados non desexados (contidos, temporización, recursos didácticos, etc). Tendo en conta esta reunión faranse, se fora necesario, os cambios pertinentes na programación do vindeiro curso académico.

Tamén se revisarán os obxectivos, contidos e estándares de aprendizaxe avaliábeis da presente programación en relación a novas realidades; en particular, intentando incorporar ao ámbito educativo, sempre que sexa posible, as novas tecnolóxicas que se vaian producindo na nosa sociedade.

16. ANEXO 1: PLAN DE RECUPERACIÓN DOS CONTIDOS MÍNIMOS NON DESENVOLTOS NO CURSO ANTERIOR

De acordo coas Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, o Departamento de Tecnoloxía procedeu a revisar a programación didáctica para centrar as actividades lectivas do derradeiro trimestre do pasado curso nas aprendizaxes e competencias imprescindibles que deberían desenvolver o alumnado ata a data de comezo do estado de alarma. Deste xeito, unha porcentaxe dos contidos mínimos das distintas materias do departamento non foron impartidas. Estes contidos mínimos corresponden aos estándares de aprendizaxe correspondentes á terceira avaliación recollidos nesta programación.

O profesorado de cada materia deberá ter en conta:

- a) Revisar a listaxe dos contidos non impartidos que afecten á súa materia: Ao principio de curso o profesor examinará os devanditos contidos determinando cales son necesarios para o desenvolvemento da nova materia deste curso.
- b) Determinar e planificar en que momento e situación é máis axeitado tratar os devanditos contidos. A estes efectos, o profesorado incluírá na súa programación de aula o tratamento temporal dos mesmos.
- c) Ditados contidos trataranse na medida do posible de maneira transversal e complementaria sempre que se vaia a introducir un tema que manteña relación con eles ou sexa continuación dos mesmos.
- d) En todo caso estes contidos non impartidos o pasado curso serán non avaliábeis.

17. ANEXO 2: TRATAMENTO DA SEMIPRESENCIALIDADE EN BACHARELATO

As Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia establece a existencia duns parámetros de seguridade que afectan significativamente ao noso centro. Deste xeito, os bacharelatos de diurno axustaron o seu número de alumnos ao aforo existente. Como consecuencia se establece un sistema de semipresencialidade que obriga a un tratamento específico por parte do centro e deste departamento. Entre as medidas adoptadas destacamos:

1. A división en catro quendas ao longo de todo curso escolar, de xeito que cada semana un grupo de alumnos rotará para manter o aforo correcto nas aulas.
2. Dito grupo de alumnos non asistirá ao centro durante esa semana polo que a súa formación continuará de xeito telemático.
3. A metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia será desenvolvida a través da aula virtual do centro. Cada profesor do departamento posúe un curso virtual para o seu grupo de alumnos.
4. O profesorado realizará un seguimento continuo do traballo a distancia a través da aula virtual sen prexuízo doutros medios telemáticos.
5. Desde a dirección do centro e o departamento de Tecnoloxía tratará de asegurar o dereito á educación para aqueles alumnos que non poidan ou teñan dificultades para seguir o ensino telemático, poñendo en marcha todas as medidas necesarias para que poidan seguila.

18. ANEXO 3: PLAN DE CONTINXENCIA NO CASO DE CONFINAMENTO

As Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia establece a existencia dun plan de continxencia no caso de que a situación sanitaria leve a un novo

confinamento. Deste xeito, o departamento de Tecnoloxía establece unha serie de pasos que deberán levarse a cabo para un correcto desenvolvemento das clases telemáticas de darse dita situación.

ACTUACIÓNS PRELIMINARES

1.- Ao inicio do curso, cada titor/a elaborará unha lista dos problemas de seguimento telemático da súa titoría, que remitirá posteriormente a Xefatura de Estudos.

2.- A Dirección buscará solucións vinculados á fenda dixital localizada en cada curso.

3.- Cada profesor/a deberá poñer a funcionar a súa aula virtual nos primeiros días do curso asegurándose de que todos o seus alumnos/as estean matriculados.

4.- Cada titor/a dará unha explicación básica aos seus titorandos sobre o funcionamento da aula virtual, simplemente a través do ordenador e a pizarra dixital.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE TELEMÁTICA

1.- A aula virtual será o punto de encontro para toda a actividade lectiva. Non obstante cada profesor/a é libre de empregar calquera outro recurso telemático. En tal caso, sempre deberá deixar constancia no seu espazo da aula virtual. Tódolos alumnos/as poderán empregar a aula virtual como medio informativo sobre cales son as canles escollidas polos docentes para o desenvolvemento da súa función.

2.- Cada profesor/a proporcionará a debida información, nos primeiros días do curso, a todo o seu alumnado, de cal será o tratamento a tódolos niveis da súa materia en caso de confinamento. Esta información é a maiores da recollida polo departamento na correspondente programación didáctica.

3.- Cunha periodicidade semanal, cada profesor/a deberá enviar ao titor/a dos seus grupos, un pequeno informe cos aspectos fundamentais do seguimento da súa materia no seu grupo.

4.- O titor/a recopilará e gardará os informes de cada profesor/a semanalmente e se detecta algunha desconexión significativa deberá pórse en contacto coa familia (Tlf ou correo electrónico, que atoparán no sixa) e transmitirá esa información á xefatura de estudos por si tivera que actuar.

5.- Cada profesor/a será responsable de xestionar o seu traballo telemáticamente.

6.- Cada profesor/a velará por que os seus cursos virtuais estean operativos na primeira semana de outubro e asegurarse de que todo o seu alumnado sabe usar a aula virtual.

7.- Cada profesor/a proporcionará, nas primeiras sesións de clase aos seus alumno/as toda a información necesaria relativa a súa materia que garanta un correcto seguimento da mesma en caso dun escenario de ensinanza telemática, con especial atención a aqueles en risco de desconexión dixital.

8.- As aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias claves son as contempladas nesta programación para cada curso e materia no apartado “contidos mínimos”.

Actuación ante casos de NEE

-O profesor/a preparará material escrito e adaptado, facéndoo chegar ao titor/a.

- O titor/a recopilará este material do alumno/a e o trasladará ao equipo directivo.

- O equipo directivo imprimirá e fará chegar ás familias ás familias (a través de protección civil, policía...) Todo isto farase cunha periodicidade quincenal.

- As familias, na medida do posible, achegarán o material cuberto ao instituto. No caso de ser absolutamente imposible este desprazamento, recollerase o material polo mesmo medio polo que se lles enviou.

- O traballo recollido faráselle chegar ao profesorado a través de correo ordinario.

Instrumentos e procedementos de avaliación:

Serán os consignados nesta programación para cada curso e materia. Dado que permiten determinar o nivel competencial acadado polo alumnado tanto nun escenario presencial como non presencial.